



Feira da Enerxía de Galicia

22 - 24 marzo 2018

Feira Internacional de Galicia ABANCA - Silleda



www.feiraenerxiagalicia.com



Feira Internacional de Galicia ABANCA

//ABANCA



DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

galicia



XUNTA DE GALICIA

II FEIRA DA ENERXÍA DE GALICIA



A II Feira da Enerxía de Galicia, que terá lugar do 22 ao 24 de marzo, dará continuidade a un proxecto respaldado pola Xunta de Galicia que contou con gran acollida na súa primeira convocatoria.



Farao cunha cita que profundará nas claves deste certame: a converxencia de empresas, institucións, profesionais e usuarios nun foro coa mellor formulación posible para a xeración de negocio, a innovación e a divulgación.

Entre os seus eixos principais estará a bioenerxía, o aforro e eficiencia enerxética e os combustibles alternativos para sectores difusos (transporte, residuos...).

Exposición

A zona expositiva deste certame caracterizarase de novo pola presenza de todos os ámbitos da enerxía e os seus axentes:

- Enerxías renovables
- Enerxías convencionais
- Mobilidade
- Aforro e eficiencia enerxética
- Material e equipos para instalacións
- Electrónica industrial e automatización
- Eco-construción e rehabilitación eficiente
- Servizos a empresas
- Asociacións, institucións e entidades de formación



Programa de actividades

O programa celebrado na primeira edición converteuse nun distintivo da feira e foi a base para deseñar as actividades desta nova cita, as cales estarán orientadas a profesionais pero tamén a estudantes do sector, consumidores e aos máis pequenos.



Volverán a ter gran protagonismo as xornadas técnicas, con temas de máximo interese. Está previsto que, entre outros, se aborden os seguintes:

- ✓ Transición enerxética
- ✓ Mobilidade sostible
- ✓ Eficiencia enerxética
- ✓ Acumulación e hibridación
- ✓ Construción e rehabilitación
- ✓ Seguridade industrial
- ✓ Xeración distribuída
- ✓ Economía circular

A elas sumaranse outras propostas, como talleres, presentacións, asembleas, circuítos de coches eléctricos ou entregas de premios.

Un destacado Comité Organizador

O seu Comité Organizador está encabezado pola Xunta de Galicia e conformado por máis de trinta entidades e empresas de gran relevancia no sector:

- Xunta de Galicia - Dirección Xeral de Enerxía e Minas – Inega
- Icx – España Exportación e Inversiones
- Gas Natural Fenosa
- Repsol (Refinería)
- Repsol Gas
- Reganosa (Regasificadora del Noroeste S.A.)
- Iberdrola
- Endesa Generación S.A.
- Red Eléctrica S.A.
- Engasa
- Setga
- Ecoforest
- Biomasa Forestal
- Grupo García Forestal
- Gain (Axencia Galega de Innovación)

- Apyde (Asociación de Productores y Distribuidores de Energía de Galicia)
- Asociación Eólica de Galicia
- Agaen (Clúster Galego do Autoconsumo Enerxético)
- Cluergal (Clúster Enerxías Renovables de Galicia)
- Acluxega (Asociación Clúster da Xeotermia Galega)
- Afg (Asociación Forestal de Galicia)
- Confemadera (Conf. Gallega de Empresarios de la Madera)
- Clúster da Madeira de Galicia
- Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais
- Colegio Oficial de Ingenieros Industriales de Galicia
- Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia
- Colegio Oficial de Aparejadores, Arquitectos Técnicos e Ingenieros de Edificación
- Confederación de Empresarios de Galicia
- Fegafón (Fed. Gallega de Asoc. Provinciales Empresariales de Fontanería, Calefacción, Gas, Climatización, Mantenimiento y Afines)
- Fegasinel (Fed. Galega de Asoc. de Instaladores Eléctricos e Telecomunicacións)
- Fegape (Fed. Galega de Parques Empresariais)
- Aecalpo (Asociación de Empresas del Cerramiento de Galicia)
- Energylab
- Avebiom



Resultados a súa primeira edición

A feira celebrou do 14 ao 16 de abril de 2016 a súa primeira convocatoria, superando as expectativas da organización tanto en apoio do sector como en cifras.

Na **área expositiva** da primeira Feira da Enerxía de Galicia participaron moitas e destacadas empresas do sector enerxético.

Estiveron presentes 241 firmas de 16 países, das cales 93 foron expositores directos de tres países (España, Portugal e Francia). Estas empresas ocuparon unha superficie total de preto de 11.000 metros cadrados.





Os **visitantes** ascenderon a 5.500 durante os tres días. Estes coñeceron as últimas novidades en produtos e servizos dos ámbitos das enerxías convencionais e renovables, eficiencia enerxética, mobilidade sustentable, equipos para instalacións, electrónica industrial, iluminación ou servizos, e tamén os proxectos e actividades de institucións e asociacións.



O seu **programa** destacou pola súa amplitude: máis de 70 conferencias agrupadas en 27 xornadas e impartidas por 89 relatores. Entre elas o III Foro da Biomasa de Galicia ou as xornadas sobre xestión e eficiencia enerxética, financiamento de proxectos I+D+i, autoconsumo, industria fotovoltaica, instalacións de auga sanitaria ou os mercados de electricidade e gas en España.



O programa da feira tamén estivo conformado por outras actividades que se sumaron ás conferencias. Así, contou cunha gran área divulgativa centrada nos distintos tipos de enerxía e a eficiencia enerxética e con diversos talleres dirixidos a escolares.



Engadiuse a estas propostas un circuito de vehículos eléctricos e híbridos no que participaron distintas marcas de automoción. Ademais, no seu marco leváronse a cabo presentacións e reunións sectoriais, como o Encontro dos tres clústers enerxéticos galegos (AGAEN, ACLUXEGA e CLUERGAL).